

ADQUISICIÓN DA LINGUA

Miguel Pérez Pereira

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A presentación que vai seguir realízase desde a ollada dun psicólogo evolutivo que, como tal, está interesado pola descrición do cambio da linguaxe que se produce co desenvolvemento psicolóxico e tamén pola interpretación e explicación deses cambios. Dada a limitación de tempo e a relativamente grande cantidade de información que existe xa sobre da adquisición do galego, tiven necesariamente que tomar unha decisión sobre o tipo de información que ía escoller e sobre a que realizar a exposición. Cingui-reime, logo, ao que ocorre no primeiro desenvolvemento lingüístico, ata aproximadamente os 30 meses de idade, e aos datos que proveñen da investigación que realizamos para construír a versión galega das escalas MacArthur-Bates, denominadas Inventarios do Desenvolvemento de Habilidades Comunicativas (IDHC) (Pérez Pereira & García Soto 2003; Pérez Pereira & Resches 2007). Estes datos son de carácter cuantitativo e, polo tanto, permiten certo tipo de análises, pero non outros de tipo máis cualitativo e que teñan en conta o uso no contexto.

A escala fai unha avaliación do desenvolvemento comunicativo prelingüístico e da capacidade de comprensión e produción inicial da linguaxe no seus aspectos léxicos, morfolóxicos e sintácticos. Ten o formato dun inventario paterno, é dicir, dunha listaxe de preguntas moi concretas que se lle fan aos pais dos nenos. Traballando con nenos moi cativos é difícil poder avaliar o seu desenvolvemento lingüístico mediante probas estandarizadas (tests), porque os pequenos no entran na situación artificial que creamos. Tampouco o método de observación é moi útil porque esixe longas horas de observación e rexistro dos intercambios verbais para poder ter un corpus representativo da capacidade real dos nenos destas idades. Ao seren as emisións lingüísticas moi escasas, os métodos que serven para rapaces máis maiores non teñen sentido con bebés ou nenos moi pequeniños. Os pais, por outra

banda, son excelentes informantes das habilidades dos seus fillos pequenos. Os estudos que hai sobre da fiabilidade e a validez da versión galega das escalas MacArthur e sobre a versión norteamericana e do español de México indican unhas excelentes propiedades psicométricas das escalas (Fenson et al. 2007; Jackson-Maldonado et al. 2003; Pérez Pereira & García Soto 2003, Pérez Pereira & Resches 2007), o que as converte nun instrumento fiable e válido para avaliar a primeira linguaxe.

Primeiramente presentarei algúns datos da mostra que empregamos no noso estudo. A investigación realizouse sobre 1077 nenos e nenas, aínda que seguimos a ampliar a mostra. 377 entre 8 e 15 meses, aos pais dos que aplicamos a forma para nenos pequenos (Palabras e Xestos), e 700 nenos entre 16 e 30 meses, a cuxos pais aplicamos a forma para os nenos máis maiores (Palabras e Oracións). O 66,5% dos nenos proviñan de medio familiar no que estaban en contacto con dúas linguas, nunha ampla variedade de situacións, e o 33,5% restante vivía en familias nas que o galego era a única lingua de uso. O nivel de estudos das nais era 39,9% con estudos primarios, 36,8% medios, e 22,3% con estudos universitarios, tamén había un 1% con un nivel de estudos inferior ao primario. O nivel de estudos dos pais era algo inferior ao das nais.

2. DESENVOLVEMENTO LÉXICO INICIAL

En primeiro lugar vou presentar un par de figuras sobre os resultados que atopamos relativos á comprensión e a produción de vocabulario entre os 8 e os 15 meses de idade (ver Figuras 1 e 2). As gráficas mostran os resultados para os bebés que ocupan os percentís 10, 25, 50, 75, e 90. Indicarei que os especialistas en trastornos da linguaxe consideran que unha puntuación centil por baixo do 10 sería indicativa de trastorno (Bishop 1997), o cal quer dicir que os datos que ofrezco están dentro da variación “normal”, non indicativa necesariamente de trastorno.

A figura 1 indica que os bebés de 8 meses xa comprenden algunhas expresións lingüísticas como interxeccións e sons de animais e cousas, frases feitas e rutinas (adeus, ola, ¡caca!...), esencialmente, e frases en contexto (*dáme, ¡mira!*...), e que durante os 7 meses seguintes comprenderán moitas máis, ata chegar os nenos de 15 meses que se sitúan nunha posición intermedia a unhas 160 palabras. Obviamente, o contexto facilita moito a interpretación e comprensión dos nenos.

Outra información que se desprende da figura 1 é a grande variación individual que existe entre os nenos. As diferenzas son moi importantes xa desde o comezo. Hai pequenos que aos 11 meses non comprenden apenas

ningunha palabra (percentil 10), mentres que a esa mesma idade outros xa coñecen unhas 175 (percentil 90).




Figura 1.- Comprensión de vocabulario de 8 a 15 meses.




Figura 2.- Producción de vocabulario de 8 a 15 meses.

Se comparamos a evolución da comprensión coa da produción entre os 8 e 15 meses de idade, podemos comprobar que a produción (ver figura 2) de palabras é moito menor que a comprensión. Existe unha importante disociación, como dixeron Bates et al. (1995), entre a capacidade de comprensión e a de produción nestas primeiras idades do desenvolvemento da lingua. Tamén podemos apreciar que a adquisición do vocabulario comeza realmente sobre dos 12 meses nos nenos de nivel medio, e o seu incremento é moito máis lento que na comprensión. Ao final do período (15 meses) o promedio dos nenos ten unhas 43 palabras diferentes no seu repertorio léxico. As diferenzas individuais aumentan progresivamente en produción, a medida que aumenta o repertorio léxico.

A meirande parte das palabras que se producen entre os 8 e os 15 meses son palabras moi relacionadas coa expresión de afectos, aceptacións e negacións, ou teñen un carácter eminentemente pragmático, moi relacionado co seu uso en situacións ben coñecidas para os nenos, como son rutinas da vida diaria (baño, comida, ir a durmir...) e xogos que realizan frecuentemente cos pais (Barrett 1995; Hoff 2001; Tomasello 2003).

O tipo de palabras máis frecuentes producidas polos nenos de 8, 12 e 15 meses aparecen na figura 3. Para interpretar esta figura, hai que considerar que aquelas palabras que non chegan a unha media de 1 non son producidas pola maioría dos nenos dese grupo de idade.

Apréciase que os bebés aos 8 meses só producen, como moito, unha interxección, por regra xeral. Aos 12 meses, as palabras máis frecuentemente usadas polos nenos son, por esta orde decrecente, interxeccións (*ab, ¡bum!, ai*), fórmulas (*vale, ¡caca!, adeus, ola, a durmir, ¡pumba!*), palabras para designar persoas e xente (*mamá, papá*), alimentos (*auga, pan*), e animais (*guauguau ou can*).

Aos 15 meses, ademais das categorías anteriores, que seguen mantendo a mesma xerarquía de uso cun maior número de exemplares, aparecen xa algúns verbos (*da, cae*), palabras para partes do corpo (*dedo, man, cu*) ou utensilios que hai na casa (*biberón, tele*). Tamén aparece o primeiro cualificativo (frecuentemente *mala*, cando rifa coa nai), e un cuantificador (*máis*).




Figura 3.- Número medio de tipo de palabras producidas aos 8, 12 e 15 meses.

Apréciase que os bebés aos 8 meses só producen, como moito, unha interxección, por regra xeral. Aos 12 meses, as palabras máis frecuentemente usadas polos nenos son, por esta orde decrecente, interxeccións (*ab, ¡bum!, ai*), fórmulas (*vale, ¡caca!, adeus, ola, a durmir, ¡pumba!*), palabras para designar persoas e xente (*mamá, papá*), alimentos (*auga, pan*), e animais (*guauguau ou can*).

Aos 15 meses, ademais das categorías anteriores, que seguen mantendo a mesma xerarquía de uso cun maior número de exemplares, aparecen xa algúns verbos (*da, cae*), palabras para partes do corpo (*dedo, man, cu*) ou utensilios que hai na casa (*biberón, tele*). Tamén aparece o primeiro cualificativo (frecuentemente *mala*, cando rifa coa nai), un cuantificador (*máis*).

Como se pode apreciar, son palabras con moi escaso contido representativo, que se usan esencialmente para a expresión de emocións (dor, sorpresa...), aceptación dun ofrecemento ou proposta do adulto, acompañamento de accións (*¡bum!*, cando come) ou asociadas a situacións de rutinas familiares (*a durmir* cando os van deitar, ou *caca* para indicar algo sucio ou que non se debe tocar, *adeus* en situacións de despedida, etc.) ou xogos (*¡pumba!* cando derruba unha torre de cubos xogando coa nai, ou *da* en situacións de xogo de dar e coller). Ditas expresións úsanse en contextos de acción conxunta ou de xogo cun adulto, e están moi fortemente asociadas a eles, sendo, logo, o seu uso moi contextualizado e tendo un carácter moi pragmático (Barrett 1995; Bloom 2000; Hoff 2001; Tomasello 2003). Os nenos memorizan a palabra asociada a un contexto de actividade que ten un sentido e clara motivación para eles. A palabra asóciase a ese evento e cando están en circunstancias para eles semellantes a ese evento, a empregarán (Bloom 2000). De aí que as primeiras palabras se asocien a contextos moi determinados e presenten unha característica distintiva: a súa contextualización, e tamén o trazo complementario da carencia de xeneralización. As primeiras palabras non se usan en contextos diferentes para referirse ao mesmo obxecto ou acción. Non teñen aínda o carácter conceptual que permitirá o uso da mesma palabra para referirse ao mesmo tipo de obxectos, características, eventos ou accións, que constitúen esa categoría. Por exemplo, e usando o mesmo exemplo anteriormente citado, os bebés dirán *¡pumba!* na situación de xogo de construción de torres coa nai cando o neno ou a nena derruba a torre coa man, pero non noutras situacións diferentes semellantes como cando tira un cacho de pan da mesa ou cando alguén derruba algo.

Haberá, logo, unha clara diferenza cualitativa entre este período inicial e o que vai ocorrer despois, cando os pequenos xa empezarán a empregar moitas palabras para referirse a obxectos, propiedades, accións, acontecementos e estados.

É importante destacar que estas primeiras palabras ou expresións feitas non se pronuncian igual que o modelo adulto, algo que é típico dado o escaso control do aparello bucofonador que teñen os nenos a estas idades. Así, *biberón* dise *bibe*, e *a durmir* poden pronuncialo como *a mimí*, e ten o carácter dunha expresión completa (como se fose en si mesma unha palabra), sen diferenciación dos elementos constituíntes (frase feita ou conxelada).

Os datos recollidos con nenos máis maiores indican que hai un importante incremento do vocabulario entre os 16 e os 30 meses (ver Figura 4). O repertorio léxico pasa dunhas 88 palabras de media ao comezo deste período a practicamente 500 palabras aos 30 meses. A aprendizaxe de novas palabras realizase neste período a un ritmo moito máis rápido que anteriormente.




Figura 4.- Producción de palabras 16-30 meses: Puntuacións centís.

De novo aprécianse marcadas diferenzas individuais. Nenos de 16 meses que se sitúan no percentil 10 teñen un repertorio dunhas 8 palabras, mentres que os que se sitúan no percentil 90 teñen unhas 353. Ao final deste treito evolutivo, cando teñen 30 meses, os que se sitúan na franxa baixa (percentil 10) teñen unhas 275 palabras; pola contra os nenos que teñen un elevado desenvolvemento (percentil 90) dispoñen dunhas 686.

Podemos apreciar tamén que non existe un único punto no que se dea o chamado *vocabulary spurt* (McShane 1980; Dromi 1987) ou explosión de vocabulario, senón varios puntos de inflexión, a partir do inicial aos 19 meses. Os datos coinciden con investigacións recentes que indican que o fenómeno da explosión do vocabulario non é xeral, senón que ten lugar só nalgúns casos (Mervis & Bertrand 1995; Ganger & Brent 2004).

A curva xeral da evolución léxica é moi semellante á atopada no estudo doutras linguas, como o euskera, francés, español de México ou inglés dos EEUU, tal como se pode observar na figura 5, que recolle a media de palabras producidas nos diferentes grupos de idade en nenos falantes destas linguas (Kern 2003; Jackson-Maldonado et al. 2003; Fenson et al. 2007; Arratibel et al. 2005; Pérez Pereira et al. 2007).




Figura 5.- Media de produción de palabras en diferentes mostris.

As palabras máis frecuentes nos nenos deste treito evolutivo aparecen representadas de forma gráfica na figura 6. Nela represéntase o número medio de tipo de palabras producidas aos 16, 24 e aos 30 meses, para poder ter unha impresión rápida dos cambios acontecidos neste treito.

Aos 16 meses as categorías máis abundosas, por esta orde, son os verbos, nomes para alimentos, utensilios que hai na casa, fórmulas, palabras para denominar xente e persoas, nomes para animais, interxeccións, mobles, palabras para denominar partes do corpo, vehículos e xoguetes. Como se pode apreciar, o repertorio léxico está agora integrado esencialmente por palabras que teñen un contido claramente referencial, que reflicte os cambios que están a producirse na capacidade representativa dos nenos, co progreso na capacidade de representación conceptual. A meirande parte das palabras son verbos, que esencialmente se refiren a actividades (*abrir, xogar, comer, subir, andar, correr, dar, coller, lavar, romper, beber, bañar, caer, pegar, traer, quitar, pintar, morder...*), aínda que hai algúns verbos referidos a procesos e estados (*querer, durmir, doer, ter, poder, axudar, ser...*); tamén se encontran palabras doutras categorías, relacionadas con obxectos, seres e persoas cos que están familiarizados ou que teñen relevancia ou son atractivos para os pequenos (*pan, auga, galleta, leite, zume, chocolate, caramelo, can, gato, galiña, elefante, león, mesa, cama, sofá, biberón, tele, teléfono, porta, pelo, dedo, cu, ollo, boca, nariz, mamá, papá, avoa, madriña, tía, neno*, ou o nome propio dun familiar, *coche, tren, barco, lapis, pelota*). As interxeccións perden peso dentro do vocabulario total moi rapidamente, ao igual que o irán facendo durante este período as fórmulas asociadas a situacións de interacción con outros en tarefas da vida cotián e xogos (*upalas, grazas, por favor, pis, ola, adeus, a durmir, ¡caca!, non, colo, pupa, cucú, xa está*).




Figura 6.- Número medio de tipo de palabras producidas aos 16, 24 e 30 meses.

Respecto dos 16 meses, as categorías máis numerosas aos 30 meses sofren certos cambios que están relacionadas cos progresos na capacidade lingüística dos nenos e a aparición da capacidade de combinar palabras. Como se pode observar na figura 6, as palabras que producen os nenos de 24 meses ocupan unha posición intermedia entre os 16 e os 30, polo que evitaremos comentarios adicionais. Aos 30 meses as categorías máis abundantes, de máis a menos, son as que veñen de seguido: verbos, alimentos, utensilios, cualificativos, xente, roupa, mobles, fórmulas, cousas de fóra, animais, pronomes, preposicións, e cuantificadores e artigos. Cabe subliñar a aparición con frecuencias comprendidas entre as 15 e as 30 palabras das categorías de cualificativos (*grande, pequeno, rico, frío, quente, fea, bonito, parvo, sucio, amarelo, malo, enfermo, porco, contento, alto...*), pronomes (*meu, me -dáme-, min -a min-, eu, este, ese, aquel, comigo, contigo, ti, túa, outro...*), preposicións e adverbios de lugar (*a, para, de, por, fóra, aquí, aí, alí, debaixo, detrás, enriba...*), e cuantificadores (*dous, máis, catro, moito, nada, o, a, un, unha, todo...*). O incremento destas palabras relaciónase directamente cos progresos no desenvolvemento lingüístico e coa aparición das frases de varias palabras, que serán cada vez máis frecuentes despois dos 23 meses. Os nenos usarán os adxectivos en combinación con outras palabras cada vez con maior frecuencia (*está rico, es mala...*), e o mesmo ocorre con preposicións e pronomes e artigos e cuantificadores (*un neno, este coche, a pelota, dáme, a min, quero un...*).

Respecto dos nomes para cousas de fóra (*choiva, bambán, escaleira, vento, árbore, ceo, flor, lúa, sol, pedra, area, tobogán, xardín...*), o alto número de palabras nesta categoría semella reflectir a ampliación do ámbito de experiencia dos cativos, que teñen unha vida cada vez máis fóra da casa familiar, e o seu coñecemento máis amplo do mundo.

Desde os 20 meses, a meirande parte dos nenos xa producen os nomes e adxectivos con variación de xénero, polo que moitas das palabras mencionadas aparecen na forma masculina e feminina.

A tendencia que seguen os nenos desde unha linguaxe máis pragmática, con moitas expresións asociadas a certas situacións, ata unha linguaxe máis referencial e predicativa aparece claramente reflectida nas figuras 7 e 8, nas que se representa a evolución coa idade de varias categorías asociadas.




Figura 7. Porcentaxe de categorías léxicas sobre total de palabras producidas por idade: 8-15 meses.

As categorías analizadas están baseadas nas usadas por Caselli et al. (1995) e son: nomes comúns, verbos e adxectivos (denominada *predicados* por Caselli et al. 1995), clase pechada (que inclúe preposicións, cuantificadores e artigos, pronomes persoais e demostrativos, pronomes interrogativos e conectivas) e palabras funcionais e interxeccións e sons de animais e cousas. Pódese apreciar na figura 7 que entre os 8 e 15 meses o predominio das palabras funcionais proporcional ao total das palabras producidas é evidente, sendo os nomes unha categoría moito máis escasa aínda que en aumento, por non falar xa da clase pechada e os verbos e adxectivos, que non chegan apenas ao 5% do total das palabras producidas polos nenos de 15 meses. A partir dos 16 meses apréciase (ver a figura 8) un descenso progresivo da porcentaxe de palabras funcionais e interxeccións, que desde os 27 meses non supera o 10% do total do repertorio léxico dos nenos. Pola contra, os nomes chegan a representar entre un 50% e un 60% do total do vocabulario ao longo de todo o período. Ademais, tamén é de subliñar o progresivo incremento dos verbos e adxectivos que pasan de representar un 5% do total do repertorio léxico dos nenos aos 16 meses a un 17% aos 30 meses. As palabras da clase pechada soben dun apenas 3% aos 16 meses ata un 10% aos 30.




Figura 8. Porcentaxe de categorías léxicas sobre total de palabras producidas por idade: 16-30 meses.

Estas tendencias evolutivas indican con claridade a transición dunha linguaxe máis pragmática a unha linguaxe máis referencial e predicativa, coa aparición cara ao final do período dun certo número de palabras da clase pechada, de función nididamente gramatical.

A figura 9, na que se representa a porcentaxe destas categorías relativas á masa léxica é aínda máis clara. Nela pódese apreciar cómo a medida que aumenta o vocabulario dos nenos hai un descenso pronunciado do peso relativo das palabras funcionais e interxeccións, que pasan de ser un 40,5% cando o repertorio léxico dos nenos é de 0-50 palabras a un 6% cando os nenos teñen un repertorio de 600 palabras. Os nomes comúns, pola contra, manteñen unha estabilidade relativa ao longo do proceso, con porcentaxes algo inferiores ao 45% nos nenos con menos palabras, pero manténdose despois entre un 52% e un 63,5%. Os verbos e adxectivos soben progresivamente desde un 2% a un 19,1% a medida que aumenta o repertorio léxico. Finalmente as palabras da clase pechada soben dun 2% cando o repertorio léxico é de menos de 50 palabras ata un 12% cando supera as 600, mostrando un claro incremento despois das 500 palabras, probablemente asociado a unha linguaxe de maior complexidade estrutural.




Figura 9. Porcentaxe de categorías léxicas sobre total de palabras producidas por masa léxica.

3. A PRIMEIRA GRAMÁTICA

Ademais dos morfemas que fan referencia a obxectos e acontecementos da experiencia, e dos que falamos ata o momento, hai outros que serven para relacionar eses elementos da experiencia entre si e coa perspectiva discursiva do falante. Son os morfemas gramaticais que sinalan nocións como pluralidade, xénero, tempo, aspecto ou persoa. As linguas gramaticalizan certas nocións, pero non outras, como indicou Talmy (1988). Hai nocións que non son expresadas gramaticalmente en ningunha lingua, por exemplo, ningunha lingua dispón de morfemas gramaticais para expresar a cor dun obxecto referido por un nome, ou se o acontecemento ocorre dentro ou fóra da casa. As linguas varían moito no tipo de nocións que expresan gramaticalmente e na forma de expresalas. Hai nocións que son expresadas nunha lingua, pero non noutras, como ocorre co xénero, que nós marcamos morfoloxicamente (masculino, feminino), pero non linguas como o inglés ou o turco. Isto afecta grandemente á gramática da nosa lingua, que ten un carácter distintivo no fenómeno da concordancia de xénero, tamén compartido por linguas diversas como o italiano, alemán, castelán ou portugués.

Pero as linguas varían tamén na forma en que marcan as nocións. Por exemplo, habendo linguas que marcan o plural, como facemos nós, poden presentar importantes variacións na maneira de marcalo. O árabe de Exipto ten un complexo sistema de expresión da pluralidade, con especificación de singular, dual e plural, con moitas formas irregulares, que o converte nun sistema complicado que dificulta a súa adquisición polos nenos. Por iso, debido á súa complexidade e irregularidade, os aprendices do árabe de Exipto teñen dificultades para usalo correctamente ata a adolescencia (Omar 1973).

Noutros casos a dificultade provén non da minuciosidade e diversidade das nocións expresadas, senón das formas que unha lingua ten para expresar unha mesma noción, sen matices diferenciais respecto doutra. O alemán presenta un sistema de marcación do plural que presenta moitos alomorfos do morfema de plural, que ademais se usan dunha maneira moito menos regular que no noso sistema. No noso caso (como en moitas outras linguas) o uso dunha variante ou outra do morfema depende de regras ben claras asociadas á terminación da palabra. No caso do alemán, ademais da maior variedade de alomorfos do morfema de plural, o sistema presenta múltiples irregularidades. Isto tamén complica o proceso de adquisición, de tal forma que non é infrecuente que nenos alemáns de ata 5 anos cometan erros na marcación do plural (Park 1978).

Evidencias coma as citadas levaron a Slobin (1985) a propoñer o principio da claridade e transparencia, que di que canto máis directa e próxima a unha relación biunívoca é a forma de relacionar unha noción subxacente en formas lingüísticas, máis doada é a súa adquisición, e tamén que canto máis regular é a forma de uso das marcas lingüísticas, tamén é máis doado o seu dominio.

Isto, precisamente, semella acontecer coa adquisición do galego. Tanto o plural como o xénero son dous morfemas nominais bastante regulares no seu uso e que presentan, en liñas xerais, gran simplicidade, con escasa variedade de formas para expresar esas nocións (singular/plural, masculino/feminino). Os datos da adquisición confirman que, efectivamente, eses morfemas adquirense bastante cedo. Hai que pensar, non obstante, que as primeiras palabras que producen os nenos non presentan variación morfolóxica, é dicir, úsanse sempre da mesma maneira, e só progresivamente irán os nenos sendo quen de introduciren matices de significado mediante a incorporación de certos morfemas.




Figura 10. Porcentaxe de uso dos morfemas por idade.

A figura 10 presenta os datos obtidos sobre o uso de varios morfemas gramaticais, tanto nominais (plural, xénero e diminutivo) como verbais (xerundio, pretérito imperfecto, pretérito indefinido, pretérito perfecto, persoa). Tomando como criterio a superación da barreira do 50% dos nenos dun determinado grupo de idade que o usan, os resultados indican con claridade que o primeiro morfema de uso espallado é o de xénero, que é utilizado pola meirande parte dos nenos de 20 meses (contrastos como *nenos / nenas*, *malo / mala*). Obviamente, non quere dicir isto que os nenos non cometan erros no seu uso, e moito menos que logren a concordancia de xénero, que demorará ata os 3 anos, aproximadamente, polo que sabemos da adquisición do castelán (Solé 1984, Pérez Pereira 1991). Despois, aos 23 meses, a maior parte dos nenos xa usarán as marcas de plural (*coche/coches*) e participio pasado (*está roto*); aos 35 meses a de xerundio (*xogando*), aos 27 meses as de pretérito indefinido (*caeu, rompeu*), e o diminutivo (*osinho*), aos 29 o pretérito imperfecto (*era, corría, daba*), e aos 30 meses unha diversidade de marcas de persoa verbal. O morfema de futuro non se consegue aínda aos 30 meses, e o seu uso espallado demorará ata despois desa idade.




Figura 11. Porcentaxe de uso dos morfemas por masa léxica.

A figura 11 ofrece datos moi interesantes, pois relaciona a porcentaxe media de uso dos morfemas co repertorio léxico total que teñen os nenos, tamén chamado masa léxica. Pódese apreciar que só cando os nenos posúen un repertorio léxico de entre 301 a 400 palabras comezan a usar maioritariamente unha variedade de morfemas regulares. Nese momento xa usan os morfemas de xénero, xerundio, plural e participio pasado máis do 50% dos nenos. Este dato parece avala a chamada hipótese da masa léxica (Marchman & Bates 1994; Bates & Goodman 1997, 1999), que vén a dicir que para que exista desenvolvemento gramatical é preciso que os nenos dispoñan dun certo número de palabras no seu repertorio léxico. Precisamente estas

autoras cifraron en 300-400 o número mínimo de palabras para que o desenvolvemento morfolóxico e sintáctico despeguen. Esta hipótese ten importantes repercusións sobre as concepción da adquisición da gramática, como veremos despois.

Os resultados achados sinalan que os nenos comezan a usar os morfemas regulares en primeiro lugar, despois os irregulares, e máis tarde producen as sobreregularizacións dos morfemas irregulares (*abrido* en vez de *aberto*, *morrido* en vez de *morto*), confirmando así a secuencia evolutiva expresada por Berman (1986) de que os nenos primeiro usan as formas irregulares dos verbos dunha maneira illada, como ítems aprendidos de maneira individual (*coupo*) e, probablemente, memorística, e despois comezan a producir as formas sobreregularizadas (*cabeu*), indicando que xa dispoñen dun forte sistema de produción dos pasados, indefinidos, etc., que aplican sen ningún tipo de excepcións (Karmiloff & Karmiloff-Smith 2005).

No IDHC recóllese tamén información do desenvolvemento sintáctico de varias maneiras. Unha delas é mediante a pregunta realizada aos pais de se o seu fillo ou filla comezou xa a combinar palabras en frases como *papá coche* (papá está no coche) ou *quero auga*, e con que frecuencia. A análise destes datos ofrece resultados sorprendentes, que aparecen na figura 12.

Como se pode apreciar hai unha clara división entre os nenos que aínda non combinan palabras e os que as combinan algunhas veces polo menos. Aqueles que non combinan teñen un repertorio léxico de menos de 100 palabras, como norma xeral, mentres que os que combinan palabras algunhas veces teñen un repertorio léxico superior a 100 palabras. Tamén entre quen combina palabras a miúdo e quen o fai só algunhas veces hai unha nítida separación. Quen produce combinacións frecuentemente tende a ter un repertorio léxico por riba de 300 palabras, agás os de máis curta idade, que son numericamente moi poucos. En contraste, os que só combinan palabras algunhas veces tenden a ter un repertorio léxico por debaixo de 300 palabras, coa excepción dos de máis idade.




Figura 12. Relación entre vocabulario producido e combinación de palabras.

Se atendemos á cantidade media de palabras que teñen os nenos que aínda non combinan palabras, os que as combinan algunhas veces e os que as combinan a miúdo, podemos apreciar unha diferenza significativa entre estes grupos, que teñen unha media de, redondeando, 87, 232 e 434 palabras, respectivamente. Por tanto, de novo parece que existe unha clara relación entre desenvolvemento léxico e gramatical.

Dita relación obsérvase tamén se analizamos a puntuación obtida polos nenos na complexidade das frases. Neste apartado os pais debían indicar cal de dúas formas de expresar a mesma idea (unha máis evolucionada e outra menos) era a máis parecida á forma de falar do seu fillo ou da súa filla. Por exemplo, os pais debían escoller entre *nene quiere* ou *eu quero*. Na segunda forma aparece o uso, máis evolucionado, do pronome persoal de primeira persoa con función de suxeito e o verbo en primeira persoa. Había un total de 38 pares de expresións, e só se puntuaba cada ítem dos 38 se a nai ou o pai escollía a segunda alternativa. Na parte primeira da figura 13 pódese observar como a partir dos 23-25 meses (aos 24 hai un declive debido ás características da mostra) se produce un aumento importante na puntuación dos nenos. Se atendemos á segunda parte da figura, de novo vemos que existe un aumento importante da complexidade morfosintáctica a partir das 301-400 palabras, como xa observamos tamén no caso do desenvolvemento morfolóxico e do uso frecuente da combinación de palabras. Estes resultados concordan cos obtidos na análise doutras linguas (Devescovi et al. 2005), e indican unha relación clara entre o desenvolvemento léxico e o gramatical, que, polos datos evolutivos (Pérez Pereira & Resches, no prelo), sabemos que comporta unha relación de causa – efecto entre ambos. Logo, a hipótese da masa léxica (Marchman & Bates 1994; Bates & Goodman 1997, 1999) semella ter alicerces empíricos sobre os que sustentarse, e pon en cuestión as ideas que conciben que o desenvolvemento sintáctico se realiza de maneira independente doutros aspectos, e grazas á actuación de mecanismos especializados no tratamento da información sintáctica, como módulos independentes doutros mecanismos de aprendizaxe e sen conexión con eles.




Figura 13. Evolución da complexidade de frases en relación á idade e á masa léxica.

Os Inventarios para o Desenvolvemento das Habilidades Comunicativas fornecen unha gran cantidade de datos que é imposible tratar nesta curta exposición, como as diferenzas entre nenos e nenas no desenvolvemento lingüístico, a comparación que posibilita entre nenos bilingües e monolingües (Pérez Pereira 2008) ou a detallada información sobre da comprensión e produción de cada unha das palabras investigadas en cada idade, que nos permite unha análise polo miúdo da adquisición do vocabulario.

4. COMENTARIO FINAL

Para rematar, quixera subliñar unha conclusión que se pode extraer dos datos presentados: a evidente relación entre desenvolvemento léxico e gramatical. Son moitos os datos que indican esa estreita relación e, sinaladamente, as consecuencias que ten posuír un léxico superior ás 300 palabras para o desenvolvemento gramatical. Estes datos coinciden cos que se desprenden da análise comparativa doutras linguas (Devescovi et al. 2005). Pero sabemos ademais por estudos lonxitudinais realizados que esa relación ten un carácter causal. O desenvolvemento léxico inicial é un excelente predictor do posterior desenvolvemento gramatical.

Estes datos, logo, teñen repercusións sobre das teorías sobre da adquisición da linguaxe, e son máis compatibles coas teorías que contemplan unha relación entre os compoñentes da linguaxe que coas que manteñen a existencia de módulos non conectados entre si e especializados no tratamento de información particular, propio de teorías innatistas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Arratibel, N.; A. Barreña; M. Pérez Pereira & P. Fernández (2005): "Comparaciones interlingüísticas euskara-gallego del desarrollo léxico y gramatical", in M. A. Mayor; B. Zubiauz & E. Díez (eds.): *Estudios sobre la adquisición del lenguaje*. Salamanca: Universidad, 983-997.
- Barrett, M. (1995): "Early lexical development", in P. Fletcher & B. MacWhinney (eds.): *The handbook of child language*. Oxford: Basil Blackwell, 362-392.
- Bates, E.; P. S. Dale & D. Thal (1995): "Individual differences and their implications for theories of language development", in P. Fletcher & B. MacWhinney (eds.): *The handbook of child language*. Oxford: Blackwell, 96-151.
- Bates, E. & J. Goodman (1997): "On the inseparability of grammar and the lexicon: Evidence from acquisition, aphasia, and real-time processing", *Language and Cognitive Processes* 12, 5/6, 507-584.

- Bates, E., & J. Goodman (1999): "On the emergence of grammar from the lexicon", in B. Mac Whinney (ed.): *The emergence of language*. Mahwah, NJ: Erlbaum, 29-79.
- Berman, R. (1986): "A crosslinguistic perspective: Morphology and syntax", in P. Fletcher & M. Garman (eds.): *Language acquisition*. Cambridge: Cambridge University Press, 429-447.
- Bishop, D. V. M. (1997): *Uncommon understanding. Development and disorders of language comprehension in children*. Hove: Psychology Press.
- Bloom, L. (2000): "The intentionality model of word learning: How to learn a word, any word", in R. M. Golinkoff; K. Hirsh-Pasek; L. Bloom; L. Smith; A. Woodward; N. Akhtar; M. Tomasello & G. Hollich: *Becoming a word learner. A debate on lexical acquisition*. New York: Oxford University Press, 19-50.
- Caselli, M. C., et al. (1995): "A cross-linguistic study of early lexical development", *Cognitive Development* 10, 159-199.
- Devescovi, A.; M. C. Caselli; D. Marchione; P. Pasqualetti; J. Reilly & E. Bates (2005): "A crosslinguistic study of the relationships between grammar and lexical development", *Journal of Child Language* 32/4, 759-786.
- Dromi, E. (1987): *Early lexical development*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Fenson, L.; V. A. Marchman; D. Thal; P. S. Dale; J. S. Reznick & E. Bates (2007): *The MacArthur-Bates communicative development inventories: User's guide and technical manual*. Baltimore: Paul H. Brookes.
- Ganger, J. & M. R. Brent (2004): "Reexamining the vocabulary spurt", *Developmental Psychology* 40/4, 621-632.
- Hoff, E. (2001): *Language development*. Belmont: Wadsworth.
- Jackson-Maldonado, D.; D. J. Thal; L. Fenson; V. A. Marchman; T. Newton & B. Conboy (2003): *MacArthur inventarios del desarrollo de habilidades comunicativas. User's guide and technical manual*. Baltimore: Paul H. Brookes.
- Karmiloff, K. & A. Karmiloff-Smith (2005): *Hacia el lenguaje: del feto al adolescente*. Madrid: Morata. Trad. de K. Karmiloff & A. Karmiloff-Smith (2001): *Pathways to language*. Cambridge, Ma: Harvard University Press.
- Kern, S. (2003): "Le compte-rendu parental au service de l'évaluation de la production lexicale des enfants français entre 16 et 30 mois", *Glossa* 85, 48-62.
- Marchman, V. & E. Bates (1994): "Continuity in lexical and morphological development: a test of the critical mass hypothesis", *Journal of Child Language* 21, 339-366.
- McShane, J. (1980): *Learning to talk*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Mervis, C. B. & J. Bertrand (1995): "Early lexical acquisition and the vocabulary spurt: a response to Goldfield & Reznick", *Journal of Child Language* 22/ 2, 461-468.

- Omar, M. (1973): *The acquisition of Egyptian Arabic as a native language*. The Hague: Mouton.
- Park, T. (1978): "Plurals in child speech", *Journal of Child Language* 5, 237-250.
- Pérez-Pereira, M. (1991): "The acquisition of gender: what Spanish children tell us", *Journal of Child Language* 18, 571-590.
- Pérez-Pereira, M. (2008): "Early Galician/Spanish bilingualism: contrasts with monolingualism", in C. Pérez-Vidal; M. Juan-Garau & A. Bel (eds.): *A portrait of the young in the new multilingual Spain*. Clevedon: Multilingual Matters, 39-62.
- Pérez-Pereira, M.; M. Alegren; M. Resches; M. J. Ezeizabarrena; C. Díaz & I. García (2007): "Cross-linguistic comparisons between Basque and Galician", in M. Eriksson (ed.): *Proceedings from the first European network meeting on communicative development inventories*. Gävle: Gävle University Press, 22-31.
- Pérez Pereira, M. & X. R. García Soto (2003): "El diagnóstico del desarrollo comunicativo en la primera infancia: adaptación de las escalas MacArthur al gallego", *Psicothema* 15/3, 352-361.
- Pérez Pereira, M. & M. Resches (2007): "Elaboración de las formas breves del Inventario do Desenvolvemento de Habilidades Comunicativas. Datos normativos y propiedades psicométricas", *Infancia y Aprendizaje* 30/4, 565-588.
- Pérez Pereira, M. & M. Resches (no prelo): "Relationships between linguistic and behavioral measures during development", in J. Grinstead (ed.): *Perspectives on typical and atypical Hispanic child language development*. Amsterdam: John Benjamins.
- Slobin, D. (1985): "Crosslinguistic evidence for the language-making capacity", in D. Slobin (ed.): *The crosslinguistic study of language acquisition. Volume 2: Theoretical issues*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum, 1157-1256.
- Slobin, D. (2001): "Form/function relations: how do children find out what they are, in M. Tomasello & E. Bates (eds.): *Language development. The essential readings*. Oxford: Blackwell, 267-289.
- Solé, R. (1984): "Adquisición y utilización del artículo", in M. Siguán (ed.): *Estudios sobre psicología del lenguaje infantil*. Madrid: Pirámide, 139-165.
- Talmy, L. (1988): "The relation of grammar to cognition", in B. Rudzka-Ostyn (ed.): *Topics in cognitive linguistics*. Amsterdam: John Benjamins, 165-205.
- Tomasello, M. (2003): *Constructing a language. A usage-based theory of language acquisition*. Cambridge, Ma: Harvard University Press.